



CONCELLO DE SOBER. LUGO.

Luis Fernández Gutián (1 de 1)
Alcalde
Fecha Firma: 30/10/2019
HASH: d84519e67a15bb836099bcf289663e110



SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL

CONVOCATORIA: 1 praza. Subvencionada a través do programa de Fomento de Emprego da Deputación Provincial de Lugo. Plan Provincial Único 2019.

1 Posto. **Auxiliar de Protección Civil.** Contrato temporal. 5 meses, 50% de xornada. (do 01/12/2019 ata o 30/04/2020).

TITULACIÓN ESIXIDA:

Certificado en estudios primarios ou equivalente.

CRITERIOS DE SELECCIÓN: Os establecidos nás bases específicas para o acceso as prazas de persoal laboral temporal do Excelentísimo concello de Sober, a través do Plan Único Provincial de Cooperación cos concellos da Excelentísima Deputación Provincial de Lugo, anualidade 2019. (Programa Fomento do Emprego). Publicadas no BOP da Provincial de Lugo nº 164, de data de 18 de xullo de 2019. A situación ou procedencia dos candidatos deberá provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego para os casos en que a xornada de traballo sexa igual ou inferior o 50 % da xornada.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS: 5 días hábiles, dende o 11/11/2019 ata o 15/11/2019 ambos incluídos).

DATA REALIZACIÓN DE PROBA DE COÑECIMENTOS, VALORACIÓN DE MÉRITOS E ENTREVISTA PERSOAL:

Xoves 21/11/2019 as 09:15 hora, salón de plenos do concello de Sober.

TRIBUNAL CUALIFICADOR:

1.-Posto de Auxiliar de Viticultura.

Presidente: María Mercedes Casares Vázquez, funcionaria concello de Sober, Secretario: Carlos Losada Rodríguez, ADL concello de Sober, Vocal I: Celso López Sáez, operario municipal concello de Sober e membro AVPC de Sober; Vocal II: José Valcarcel Páramo, operario xardíns concello de Sober. Vocal III: José Conde Rodríguez. Funcionario concello de Monforte de Lemos

En Sober, na data que figura ao marxe do documento.

O Alcalde-Presidente

Luis Fernández Gutián.



Cód. Validación: AM6M29CRTFQFN7GZVNSN5QEKH Verificación: <http://concellodesober.sedelectronica.gal/>
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 1 de 1



"BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO A PRAZAS DE PERSONAL LABORAL TEMPORAL DO EXCMO. CONCELLO DE SOBER, A TRAVÉS DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS DA EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, ANUALIDADE 2019. (PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO).

PRIMEIRA.

- OBXECTO.

O obxecto destas bases específicas é a regulación dun procedemento para o acceso a prazas vacantes de personal laboral temporal, do Excmo. Concello de Sober, subvencionado a través das Bases reguladoras ano 2019 do Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos, da Excelentísima Deputación Provincial de Lugo; coa finalidade de levar a cabo a execución de obras, servizos e creación de emprego a través do Programa de Fomento do Emprego.

SEGUNDA.-CONTIDO MÍNIMO DE CADA CONVOCATORIA.

En cada convocatoria deberá figurar:

1º.- Denominación do posto, con referencia no caso de ser necesario á clase, rama, especialidade e demáis características propias do posto.

2º.-Prazo e duración do contrato.

3º.-Requisitos, titulacións e outras condicións específicas que deben reunir os aspirantes.

4º-Data e Lugar da realización da proba de coñecementos e valoración de méritos.

5º-Data e lugar da realización da proba de coñecementos e valoración de méritos.

6º-Composición do tribunal cualificador.

7º-Prazo de presentación de instancias.

Prazas ofertadas ano 2019:

- 1 praza de auxiliar administrativo, contratos de 9 meses, 75% de xornada.
- 1 praza de técnico/a de turismo, contrato 8 meses, 50 % de xornada.
- 1 praza de auxiliar de viticultura, contrato de 8 meses, 50 % de xornada.
- 1 praza monitor/a multidisciplinar deportes, contrato de 8 meses, 50% de xornada.
- 1 praza de técnico/a en informática, contrato de 9 meses, 75 % de xornada.
- 1 praza de técnico-a forestal (titulado grado medio), contrato de 6 meses, 50% de xornada.
- 1 praza de auxiliar de protección civil, 5 meses 50 % xornada.

TERCEIRA.-PUBLICIDADE.

Estas báseas xerais serán obxeto de publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Os anuncios das convocatórias publicaranse no taboleiros de anuncios do Concello, e na páxina WEB municipal www.concellododesober.com.

CUARTA.-REQUISITOS DO persoal ASPIRANTE.

Para tomar parte nas probas selectivas, os aspirantes deberán reunir os requisitos que se establezan en cada convocatoria, relativos a titulación e demais requisitos específicos que en cada caso se establezan, e presentarán a súa solicitude de participación na forma establecida no anexo I destas bases, ao que deberán acompañar copia compulsada do DNI ou documento equivalente, así como copia compulsada do título académico esixido, e demais documentación a aportar polo particular a efectos da súa valoración na fase de valoración de méritos. Tendo en conta que as persoas a contratar a través deste programa deben producir novas contratacións no concello, e polo que, a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego para os casos en que a xornada de traballo sexa igual ou inferior o 50% da xornada.,

QUINTA.-PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.

En cada convocatoria deberá regularse o prazo para a presentación de instancias, que nunca será superior a dez días hábiles. Ó día seguinte ó remate do prazo establecido, publicarase na páxina web www.concellododesober.com a lista de admitidos e excluídos (motivando as razón que levaron a súa exclusión). No caso de existir solicitudes de participación excluídas otorgarase un prazo de dous días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación da lista de admitidos e excluídos para a subsanación das deficiencias atopadas. Unha vez trascurrido o prazo de subsanación procederese a publicación na páxina web www.concellododesober.com da lista definitiva de

admitidos. De non existir solicitudes de participación excluídas a lista publicada ó día seguinte do remate do prazo establecido para a presentación de instancias terá carácter definitivo.

SEXTA.-TRIBUNAIS CUALIFICADORES.

A selección de persoal laboral temporal para cada praza realizarase mediante un Tribunal cualificador composto por cinco membros (Presidente, secretario e tres vocais), os cales se designarán en cada convocatoria. Podendo formar parte deste tribunal, personal do Concello de Sober, da Xunta de Galicia, da Excelentísima Diputación Provincial de Lugo, ou doutros organismos públicos que cumplan a legalidade vixente para este fin. O tribunal non poderá constituirse con menos de tres membros.

SÉTIMA.-PROBAS DOS PROCEDEMENTOS SELECTIVOS.

A selección farase mediante a realización das seguintes probas:

- a) Proba de coñecementos.
- b) Valoración de méritos alegados pólos interesados.
- c) Valoracion de pertenza a colectivo especial.
- d) Entrevista personal.

OITAVA.- DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS.

A) A proba de coñecementos, consistirá nun exercicio tipo test de 10 preguntas que versará sobre coñecementos específicos relacionados coas funcións e tarefas a desenvolver. **Cualificarse de 0 a 5 puntos.** Este exercicio terá carácter eliminatorio, sendo necesario para supera-lo obter un mínimo de 2,5 puntos. O tempo máximo para a realización desta proba será de 30 minutos.

B) Valoración de méritos:

Experiencia profesional:

Puntuarase con 0,10 por cada mes des servizos prestados nunha Administración Pública nun posto de iguais ou similares características.

Puntuarase con 0,05 puntos por cada mes de servizos prestados nunha empresa privada nun posto de iguais ou similares características.

Poderán alcanzarse pola experiencia profesional ata un máximo de 2 puntos. Para a puntuación dos méritos de experiencia profesional presentarase certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, ao que obligatoriamente deberá achegarse copia compulsada de contratos ou certificados de empresa nos que consten as funcións desempeñadas. A carencia dun destes documentos implicará a non valoración dese mérito alegado.

-Formación profesional.

Valoraranse os cursos de formación e perfeccionamento, expedidos ou homologados por organismos oficiais, directamente relacionados coas funcións propias da praza convocada, acreditados con certificación ou diploma, acordo coa seguinte puntuación.

- Ata 20 horas de duración 0,10 puntos.
- De 21 a 50 horas de duración 0,20 puntos.
- De 51 a 100 horas de duración 0,30 puntos.
- De 101 ou mais horas de duración 0,40 puntos.

Como máximo poderán alcanzarse por formación profesional 1,5 puntos.

-Cursos de coñecemento da lingua galega expedidos ou homologados por organismos oficiais.

Ata un máximo 0,5 puntos.

-Nivel básico ou medio: 0,25 puntos.

-Nivel superior: 0,5 puntos.

C).-Valoración da pertenza a colectivo especial:

Puntuárase con 1,5 puntos, a pertenza do candidato/a a un colectivo con dificultades de integración laboral, acordo coa seguinte relación:

-Mulleres: 0,30 ptos.

-Maiores de 45 anos: 0,30 ptos.

-Parados de larga duración: 0,30 ptos, considerarase parado de longa duración estar inscrito ininterrumpidamente na oficina de emprego como demandante de emprego durante 12 ou mais meses.

-Pessoas con discapacidade. 0,30 ptos.

-Pessoas vítimas da violencia de xénero: 0,30 ptos



Cód. Validación: 3AXKHL2NLP9Z16Y7M5PWRCDKF Verificación: <http://concellodesober.galego.gal/>

Documento firmado electronicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Página 2 de 3

D).-Entrevista persoal, versará sobre o coñecemento das aptitudes ou habilidades persoais para o desempeño do posto de traballo. Realizarase no lugar e data sinalada na convocatoria, e a súa realización terá lugar por chamamento por orden alfabético de nome e apellido dos aspirantes. Esta entrevista valorarase cunha puntuación **máxima de 1,5 puntos**.

NOVENA.- RELACIÓN DE APROBADOS.

Rematado proceso selectivo, o tribunal levantará acta coa relación da puntuación obtida por cada aspirante, a cal se publicará na taboleiro de anuncios do Concello e na páxina WEB municipal www.concelloodesober.com, acto seguido, e no prazo máximo de dous días hábiles, por Resolución de Alcaldía, declararanse superadas as probas selectivas a un total de persoas que nunca superará o total de postos de traballo ofertados, e no prazo máximo de dez días hábiles, procederase á sinatura do respectivo contrato, comezando o traballador a prestar os seus servizos no Concello de Sober.

DÉCIMA.- RÉXIME DE RECURSOS.

Estas bases específicas, as convocatorias e cants actos administrativos deriven delas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

DISPOSICIÓN FINAL.

Estas bases entrarán en vigor o día seguinte ó da súa publicación no BOP, e derrogarán cantas disposicións do mesmo carácter foran aprobadas polo Concello de Sober con anterioridade á súa entrada en vigor, e en particular as "Bases xerais para o acceso a prazas de persoal laboral temporal do Exmo. Concello de Sober, para levar a cabo contratacións a través dos distintos convenios anuais asinados coa Excelentísima Deputación de Lugo para a execución de obras, servizos e creación de emprego ao abeiro do programa fomento de emprego 2018.

ANEXO. I.-SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO.

I.-DATOS DO EMPREGO QUE SOLICITO

DENOMINACIÓN DO EMPREGO AO QUE SE OPTA.

RÉXIME XURÍDICO: PERSOAL LABORAL TEMPORAL.

II.-DATOS PERSOAIS

PRIMER APELIDO:

SEGUNDO APELIDO:

NOME:

DNI:

TELEFONO:

DOMICILIO AOS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:

Declaro responsablemente: Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria, e en concreto os seguintes:

- a)Ter nacionalidade española, comunitaria ou asimilada.
- b)Ter cumplidos 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuir capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego ao que aspiro.
- d)Non estar inhabilitado nin suspendido para o exercicio de función públicas e non ter sido separado do servizo dunha Administración Pública.

SOLICITO: Ser admitido na presente convocatoria ao fin de participar no proceso selectivo.

Sober a _____ de _____ de 20____

Asdo_____

O Alcalde
Luis Fernández Gutián.